## 1.3. demanda interna

A ACELERACIÓN NO RITMO DE CRECEMENTO económico experimentado ó longo do ano 2003 veu motivada polo pulo da demanda interna, que acada o 3,9% (3,0% en 2002), mentres que a achega da demanda externa foi catro décimas inferior á rexistrada o ano anterior, quedando situada en –1,5 puntos porcentuais (–1,1 puntos en 2002).

Como se reflicte no **cadro 1.3.1.** á devandita recuperación da demanda interna contribuíron tanto os compoñentes do consumo –gasto en consumo final dos fogares e das Administracións públicas e Institucións financeiras sen fin de lucro– como a formación bruta de capital (FBC). O gasto en consumo final e a FBC medraron en 2003 un 3,3% e un 4,0%, respectivamente, sendo estas porcentaxes do 2,7% en 2002 en ámbolos dous casos.

Este capítulo estructúrase en catro grandes apartados nos que se analizan, en primeiro lugar, a evolución dos principais agregados e indicadores do consumo –público e privado-, para analizar poste-

1.3.1.

**PIB trimestral 2002-03: taxas de variación interanuais dos principais agregados da demanda**

| | 2002 | 2003 (1) | 2002 Trim. I | 2002 Trim. II | 2002 Trim. III | 2002 Trim. IV | 2003 Trim. I | 2003 Trim. II | 2003 Trim. III | 2003 Trim. IV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | (%) | | | | | |
| **Gasto en consumo final** | 2,7 | 3,3 | 2,3 | 2,7 | 2,9 | 3,0 | 3,1 | 3,3 | 3,4 | 3,4 |
| gasto dos fogares | 2,6 | 3,1 | 2,1 | 2,5 | 2,8 | 2,9 | 2,9 | 3,1 | 3,2 | 3,1 |
| gasto das AA.PP. | 3,4 | 4,0 | 2,9 | 3,3 | 3,6 | 3,6 | 3,6 | 3,8 | 4,1 | 4,3 |
| **Formación bruta de capital** | 2,7 | 4,0 | 3,1 | 2,4 | 2,4 | 2,7 | 3,5 | 3,8 | 4,1 | 4,4 |
| **Demanda interna** (2) | 3,0 | 3,9 | 2,8 | 2,9 | 3,1 | 3,3 | 3,6 | 3,8 | 4,0 | 4,2 |
| **Exportacións de bens e servizos** | 3,7 | 5,6 | 3,3 | 3,7 | 3,9 | 4,1 | 4,8 | 5,4 | 5,9 | 6,3 |
| **Importacións de bens e servizos** | 4,8 | 6,7 | 3,7 | 4,6 | 5,2 | 5,6 | 6,1 | 6,6 | 6,9 | 7,1 |
| **PIB a prezos de mercado** | 1,9 | 2,4 | 2,1 | 1,9 | 1,7 | 1,8 | 2,1 | 2,3 | 2,5 | 2,8 |

(1) Avance
(2) Achega ó crecemento do PIB pm

Fonte: *IGE*, *Contabilidade trimestral*

riormente a evolución do investimento, (incluído o estranxeiro), o Programa Operativo de Galicia para o período 2000-2006 e a Iniciativa Comunitaria Leader plus.

As principais fontes de información empregadas neste capítulo son a Contabilidade Trimestral do IGE, que por primeira vez proporciona series trimestrais dos principais agregados da demanda, o Banco de España, a Dirección General de Política Comercial e Inversiones Exteriores, os Informes de execución do Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006 e o Informe ó Comité de Seguimento da Iniciativa Comunitaria Leader+.

Respecto ós indicadores do consumo cómpre salienta-la medra experimentada pola renda familiar bruta dispoñible por habitante (fonte funcas) nun 5,4%, así como polas importacións de bens de consumo (19,9% respecto ó ano anterior) e polas matriculacións de turismos e o tráfico de pasaxeiros, que despois do descenso de 2002, presentan unha medra de 8,2% e 3,2%, respectivamente.

No que atinxe ó comportamento de diferentes indicadores do investimento, poñen de relevo a melloría que experimentou en 2003 este compoñente da demanda. Dunha banda, a licitación oficial pública de tódalas administracións segundo data de anuncio rexistrou en 2003 unha medra similar á do ano anterior, co 25,7%, e o consumo de cemento aumentou nun 5,6%, catro puntos máis do que o fixo no ano anterior. Doutra, fronte ó descenso do investimento en bens de equipamento do ano anterior, en 2003 as matriculacións de vehículos de carga incrementáronse un 5,6% (no ano anterior o descenderan nun 6,6%), e as importacións de bens de equipamento experimentaron unha medra do 9,4% respecto ó ano anterior (–14,8% en 2002).

Trala consideración destes indicadores, estudiarase a evolución do investimento estranxeiro (tanto dende o punto de vista da súa distribución segundo país de orixe, como segundo a súa distribución sectorial). Este rexistrou no ano 2003 un forte descenso que fixo que o seu peso relativo no conxunto do Estado pase do 1,5% do ano 2002 ó 0,2% de 2003. En cifras globais, o investimento estranxeiro experimentou unha caída do 93,9% respecto ó ano anterior, para situarse nos 28,4 millóns de euros, mentres que no conxunto estatal este descendeu un 46,9%.

O investimento estranxeiro procede fundamentalmente dos 15 países da Unión Europea, que acollen o 84,3% do devandito investimento en Galicia (98,4% en 2002). No derradeiro ano apréciase unha concentración nos subsectores de "pro-

ducción, distribución eléctrica, gas e auga", "actividades inmobiliarias e servizos" e "industria extractiva e refino de petróleo", que acollen, en conxunto, o 64,4% do total investido nas empresas galegas, respectivamente.

Esta análise do investimento complétase co estudio do investimento territorializado das Administracións Públicas recollido no capítulo 5.- Desenvolvemento rexional. O investimento da Administración do Estado, incluído nos Presupostos Xerais do Estado, acadou unha porcentaxe territorializable do 68,0% do total, mentres o 27,2% figura dentro da modalidade non territorializado e o 4,8% corresponde á modalidade de investimento no exterior.

O investimento público real territorializado das Administracións Públicas ascendeu en 2003 a 616,02 euros por habitante, un 14,9% máis que en 2002 (79,73 euros por habitante máis). No conxunto do Estado, o investimento (rexionalizado) ascendeu a 697,98 euros por habitante (**cadro C.5.6.** *Investimento público real territorializado nas CC.AA. segundo axentes das Administracións Públicas 2002-2003: presupostos iniciais*).

A participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes ó investimento civil (presupostos iniciais de investimento público real territorializado, excluídos gastos de defensa e os dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, para que a comparación poda realizarse en termos homoxéneos) ó longo do 2003, reflicten a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 50,4%; as Deputacións, cun 6,3%; os Concellos, cun 22,4% e o Estado, cun 20,8%.

O terceiro apartado deste capítulo adicase ó Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006. O total de recursos programados ascende a 39.548 millóns de euros, nos que Galicia participa nun 13,7% –nesta porcentaxe a axuda comunitaria é do 67,5% (3.430 millóns de euros)–. Un 4,16% adicional, en concepto de "reserva de eficacia", asígnase en función dunha serie limitada de indicadores de seguimento de eficacia, de xestión e de execución financeira. A execución do gasto público do P.O.I. de Galicia a 31 de decembro de 2003 foi de 2.189,4 millóns de euros, un 73,0% do programado para o período 2000-03.

No concernente á avaliación intermedia do Programa Rexional de Galicia da Iniciativa Comunitaria Leader+, de acordo coa modificación aprobada o 17 de febreiro de 2004, a execución do Programa, a 31 de agosto de 2003, é un 2,24% do gasto programado, sendo esta porcentaxe do 11,64% no caso de considera-las cantidades comprometidas. A 15 de decembro de 2003 había un total de 227 proxectos con informe favorable de subvencionalidade, o que supón un investimento de 48.472,1 miles de euros, cunha axuda de 19.366,3 miles de euros. Asemade, nesta data atopábanse en fase de estudio 50 proxectos, cun investimento previsto de 14.130,1 miles de euros e unha axuda de 4.365,8 miles de euros.

## Consumo

Un dos elementos que contribuíu á importante recuperación da demanda interna en 2003 foi o incremento do gasto en consumo final, e dentro deste o gasto en consumo final das administracións públicas. Este último medrou un ritmo do 4,0%, seis décimas máis que no ano anterior, en tanto que o gasto en consumo final dos fogares galegos creceu un 3,1%, medio punto máis sobre o crecemento rexistrado en 2002.

A recuperación deste compoñente da demanda interna apoiouse tanto nos diversos programas de apoio postos en práctica

1.3.2.

*Indicadores do consumo privado en Galicia e España 2002-03: taxas de variación interanuais*

| | Galicia | | España | |
|---|---|---|---|---|
| | 2002 | 2003 | 2002 | 2003 |
| | | (%) | | |
| **Renda Familiar Bruta Dispoñible por habitante** | 4,2 | 5,4 | 4,0 | 3,7 |
| **Gasto medio por persoa** | 5,1 | 5,1 | 4,0 | 1,9 |
| **Importacións de bens de consumo** | 4,9 | 19,9 | 2,7 | 5,2 |
| **Tráfico aéreo de pasaxeiros** | -6,4 | 3,2 | -1,1 | 7,7 |
| **Ocupación hoteleira** | 3,7 | 16,8 | -0,1 | 4,4 |
| **Matriculación de turismos** | -14,8 | 8,2 | -6,0 | 6,0 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *INE, IGE, AENA, ICEX e Funcas*

no marco do Plan Galicia, como na mellora das rendas, e queda reflectida tanto na medra das matriculacións de turismos como nas importacións de bens de consumo. Segundo os datos do IGE, a renda salarial real rexistrou un incremento do 3,7% en 2003, 1,2 puntos porcentuais máis que no ano anterior, resultado dun aumento do 3,3% no emprego asalariado, medido en termos de afiliacións á SS, e do incremento do 0,4% que tivo lugar no poder adquisitivo dos salarios, consecuencia, sobre todo, do importante descenso que experimentou a taxa de inflación na segunda parte do ano.

Segundo reflicte o **cadro 1.3.2.** as matriculacións de turismos medraron ó longo do ano 2003 un 8,2% e o tráfico aéreo de pasaxeiros un 3,2%, cando no ano anterior estas dúas variables experimentaran unha caída do 14,8% e 6,4%, respectivamente. Pola súa parte, as importacións de bens de consumo (fonte ICEX) medraron en Galicia case un 20%, quince puntos porcentuais máis que en 2002.

A evolución dos tipos de xuro tamén tivo o seu impacto neste apartado. O **cadro 1.3.3.** reflicte que, a diferencia do acontecido en 2002, entre os meses de decembro de 2002 e 2003 prodúcese un descenso dos tipos de xuro dos créditos ó consumo no caso das caixas de aforro (0,28 puntos menos), en tanto que no caso dos bancos a medra rexistrada foi de 0,03 puntos.

O crecemento do VEB tradúcese nun aumento do 5,4% da renda familiar (poder de compra) por habitante en Galicia respecto ó ano anterior, acadando un total de 11.624,03 euros no ano 2003. Como reflicte o **cadro C.5.15.** (*PIB e Renda familiar bruta dispoñible por habitante nas CC.AA. 2002-03*), no derradeiro ano a renda familiar por habitante en Galicia acada o 90,3% do valor medio de España, o que supón unha medra de 1,4 puntos en relación ó ano anterior, no que o indicador estaba situado no 88,9% do valor medio español.

Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a sexta comunidade autónoma con menor índice por habitante da RFBD. En peor situación atópanse Andalucía, Canarias, Castela A Mancha, Estremadura e Murcia, presentando Asturias un valor similar ó galego.

É relevante a comparación dos valores da renda e da producción por habitante de Galicia coa media española. A producción por habitante galega representa o 79,3% do valor de España, mentres que a renda por habitante é equivalente ó 90,3%, isto é, existe un diferencial favorable á economía galega de 11 puntos.

Atendendo á relación entre o nivel económico –índice da renda familiar dispoñible por habitante– e o número de concellos e a poboación, o **cadro 1.3.4.** reflicte que 164 municipios, o 54,5% dos conce-

1.3.3.

*Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo 1998-2003*

| | | Bancos | Caixas de aforros |
|---|---|---|---|
| 1998 | | 9,94 | 8,57 |
| 1999 | | 9,37 | 8,30 |
| 2000 | (1) | 9,59 | 9,05 |
| 2001 | | 9,47 | 8,93 |
| 2002 | | 9,22 | 8,57 |
| 2003 | | | |
| | Xaneiro | 9,25 | 8,54 |
| | Febreiro | 9,25 | 8,49 |
| | Marzo | 9,22 | 8,48 |
| | Abril | 9,21 | 8,44 |
| | Maio | 9,21 | 8,42 |
| | Xuño | 9,24 | 8,36 |
| | Xullo | 9,23 | 8,33 |
| | Agosto | 9,24 | 8,33 |
| | Setembro | 9,24 | 8,29 |
| | Outubro | 9,25 | 8,29 |
| | Novembro | 9,25 | 8,29 |
| | Decembro | 9,25 | 8,29 |

(1) dato correspondente ó mes de decembro
Fonte: *Banco de España*

1.3.4.

*Nivel económico dos municipios e poboación (1): distribución segundo intervalos de RFBD/hab. (2)*

| | | Intervalos de RFBD/hab. | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 8.100<br>9.000 | 9.000<br>9.700 | 9.700<br>10.800 | |
| A Coruña | | | | | |
| | municipios | 40 | 46 | 8 | 94 |
| | habitantes | 221.815 | 459.420 | 439.579 | 1.120.814 |
| Lugo | | | | | |
| | municipios | 50 | 13 | 1 | 64 |
| | habitantes | 180.736 | 86.702 | 91.158 | 358.596 |
| Ourense | | | | | |
| | municipios | 21 | 53 | 8 | 82 |
| | habitantes | 41.270 | 151.863 | 141.566 | 334.699 |
| Pontevedra | | | | | |
| | municipios | 53 | 8 | | 61 |
| | habitantes | 441.768 | 485.094 | | 926.862 |
| Galicia | | | | | |
| | municipios | 164 | 120 | 17 | 301 |
| | habitantes | 885.589 | 1.183.079 | 672.303 | 2.740.971 |

(1) recolle os municipos con máis de 1.000 habitantes segundo o padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2003
(2) renda familiar disponible/habitante. Intervalos de renda expresados en euros
Fonte: *La Caixa, Anuario Económico de España*

llos galegos considerados, encádranse nun intervalo de renda comprendido entre 8.100 e 9.000 euros. Nestes municipios están empadroadas 885.589 persoas (o 32,3% da poboación galega). Nos 120 concellos galegos cun nivel económico entre 9.000 e 9.700 euros residen 1.183.079 persoas (o 43,2% da poboación).

O devandito **cadro 1.3.4.** reflicte que 17 municipios galegos presentan unha renda familiar bruta dispoñible por habitante comprendida entre 9.700 e 10.800 euros, ascendendo a poboación residente a 672.303 persoas (24,5%). Destes 17 concellos, oito atópanse na provincia de A Coruña, oito en Ourense e un en Lugo.

En canto ó **consumo público**, pódense tomar como indicadores do seu comportamento os datos recollidos nos capítulos I (gastos de persoal) e II (gastos en bens correntes e servizos) dos presupostos de gasto. O **cadro 1.3.5.** reflicte a evolu-

1.3.5.

**_Consumo público 2002-03: distribución segundo administracións_**

| | 2002 | | 2003 | | 03/02 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xunta (1) | Deputacións | Xunta (1) | Deputacións | Xunta | Deputacións |
| | (en millóns de €) | | | | (%) | |
| **Gastos de persoal** | 2.343,3 | 90,2 | 2.440,0 | 96,6 | 4,1 | 7,1 |
| **Gastos en bens correntes e servicios** | 814,7 | 60,0 | 857,1 | 62,2 | 5,2 | 3,8 |

(1) datos a partir dos presupostos consolidados
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da *Xunta de Galicia*

1.3.6.

**_Indicadores do investimento en Galicia e España 2002-03: taxas de variación interanuais_**

| | Galicia | | España | |
|---|---|---|---|---|
| | 2002 | 2003 | 2002 | 2003 |
| **Consumo de cemento** | 1,6 | 5,6 | 4,7 | 4,8 |
| **Licitación oficial de tódalas AA.PP.** | 26,0 | 25,7 | 14,3 | 2,2 |
| **Licitación oficial da Admon. Autonómica** | 14,9 | -15,8 | 38,5 | -5,8 |
| **Importacións de bens de equipo** | -14,2 | 9,4 | -2,1 | 6,4 |
| **Matriculación de vehículos de carga (1)** | -6,6 | 5,6 | -10,7 | 15,1 |

(1) Para o conxunto do Estado considéranse as fabricacións de Vehículos industriais, camións, furgóns e furgonetas, e tracto-camións, en tanto que para Galicia, as matriculacións de vehículos de carga fan referencia ós camións e furgonetas e ós tractores industria
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *INE, IGE, ICEX, Oficemen e Seopan*

ción dos mesmos e o seu nivel no ano 2003, amosando que os gastos do capítulo I aumentaron un 4,1% na Xunta e un 7,1% no caso das Deputacións, en tanto que os gastos en bens correntes e servizos experimentaron unha medra do 3,8% no caso das Deputacións e do 5,2% na Xunta de Galicia.

## Investimento

Un primeiro aspecto a ter en conta na análise do investimento é a evolución da formación bruta de capital, que en 2003 medrou un 3,3%, nove décimas máis que en 2002. Atendendo á súa evolución trimestral, cómpre salientar que este agregado presenta un crecemento continuo dende o segundo trimestre do ano 2002, pasando do 1,0% nese trimestre ós 3,5% experimentado no cuarto trimestre de 2003.

O **cadro 1.3.6.** reflicte o comportamento de diferentes indicadores do investimento que tamén poñen de relevo a melloría que experimento en 2003 este compoñente da demanda. Dunha banda, a licitación oficial pública de tódalas administracións segundo data de anuncio rexistrou en 2003 unha medra similar á de 2002, co 25,7% (medra un 29,3% no caso da obra civil e un 16,1% no caso do total edificación), e o consumo de cemento o fai nun 5,6%, catro puntos máis do que o fixo no ano anterior.

Polo que respecta ó investimento en bens de equipo, fronte ós descenso do ano anterior, as matriculacións de vehículos de carga incrementáronse un 5,6% (no ano anterior o descenderan nun 6,6%), e as importacións de bens de equipamento experimentaron unha medra do 9,4% respecto ó ano anterior (-14,8% en 2002).

Outra variable que permite comprende-la evolución do investimento é a caída dos tipos medios dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos. O **cadro 1.3.7.** amosa que entre decembro de 2002 e 2003 este descenso foi lixeiramente superior a un punto, tanto no caso das caixas de aforro como no dos bancos.

No conxunto das empresas analizadas por Ardán, os **cadros C.3.6.** (*Empresa*

1.3.7.

**Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos 1998-2003**

| | Bancos | Caixas de aforros | Conxunto entidades |
|---|---|---|---|
| **1998** | 5,557 | 5,763 | 5,651 |
| **1999** | 4,587 | 4,881 | 4,724 |
| **2000** | 5,708 | 5,822 | 5,764 |
| **2001** | 5,597 | 5,926 | 5,760 |
| **2002** | 4,687 | 4,896 | 4,795 |
| **2003** | 3,627 | 3,791 | 3,713 |
| **Marzo** | 3,878 | 4,068 | 3,976 |
| **Abril** | 3,825 | 3,941 | 3,886 |
| **Maio** | 3,764 | 3,876 | 3,823 |
| **Xuño** | 3,617 | 3,787 | 3,707 |
| **Xullo** | 3,457 | 3,619 | 3,541 |
| **Agosto** | 3,381 | 3,548 | 3,470 |
| **Setembro** | 3,335 | 3,518 | 3,428 |
| **Outubro** | 3,343 | 3,532 | 3,442 |
| **Novembro** | 3,310 | 3,539 | 3,432 |
| **Decembro** | 3,374 | 3,533 | 3,458 |

Fonte: *Banco de España*

1.3.8.

**Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas nas CC.AA. 2003: distribución segundo países de orixe**

| | Total (1) | OCDE | Unión Europea ampliada (UE-25) | | | Latinoamérica |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | UE - 25 | UE - 15 | Novos países (2) | |
| | | | (en miles de €) | | | |
| **Andalucía** | 231.573,7 | 170.736,2 | 155.705,3 | 145.539,8 | 10.165,5 | 5.792,7 |
| **Aragón** | 4.997.531,3 | 4.996.496,9 | 18.579,3 | 18.579,3 | - | 23,3 |
| **Asturias** | 10.433,5 | 10.378,9 | 5.872,9 | 5.872,9 | - | 54,6 |
| **Baleares** | 313.451,5 | 283.851,7 | 273.219,3 | 273.184,4 | 35,0 | 6.494,5 |
| **Canarias** | 146.777,4 | 141.650,0 | 21.328,4 | 20.842,6 | 485,8 | 2.404,0 |
| **Cantabria** | 580,5 | 18,2 | 17,0 | 17,0 | - | 562,3 |
| **Castela e León** | 6.866,0 | 5.148,0 | 4.808,2 | 4.808,2 | - | 1.550,2 |
| **Castela-A Mancha** | 359.161,5 | 9.251,5 | 9.250,0 | 9.250,0 | - | 349.731,9 |
| **Cataluña** | 1.444.149,3 | 1.345.235,9 | 922.173,9 | 919.899,4 | 2.274,5 | 30.398,0 |
| **Comunidade Valenciana** | 71.013,6 | 64.992,9 | 58.105,6 | 57.907,2 | 198,4 | 1.439,7 |
| **Estremadura** | 92.848,2 | 90.090,8 | 2.034,9 | 2.034,9 | - | 2.656,7 |
| **Galicia** | 28.422,2 | 24.245,6 | 23.956,0 | 23.955,4 | 0,6 | 3.513,5 |
| **Madrid** | 7.808.541,7 | 7.548.367,5 | 6.331.009,2 | 6.330.966,0 | 43,2 | 154.742,7 |
| **Murcia** | 869.123,7 | 868.895,2 | 851.265,4 | 851.264,0 | 1,4 | 21,5 |
| **Navarra** | 10.378,8 | 10.362,2 | 10.351,1 | 8.952,1 | 1.399,0 | 4,0 |
| **País Vasco** | 216.538,8 | 212.593,8 | 104.102,4 | 104.102,4 | - | 2.959,9 |
| **A Rioxa** | 27.657,5 | 27.612,0 | 27.612,0 | 27.612,0 | - | 41,0 |
| **Ceuta e Melilla** | 6.040,3 | 6.014,6 | 6.013,1 | 6.013,1 | - | 12,0 |
| **Total** | 16.641.089,6 | 15.815.941,8 | 8.825.404,1 | 8.810.800,6 | 14.603,5 | 562.402,4 |
| **Galicia / España** *(%)* | 0,2 | 0,2 | 0,3 | 0,3 | 0,0 | 0,6 |

(1) o total inclúe ademáis o resto de investimentos fóra desas áreas xeográficas concretas

(2) Os novos países que a partir do 1 de maio de 2004 forman parte da Unión Europea son Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia e R. Checa.

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

*galega 2001-02: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*) e **C.3.8.** (*Empresa galega 2001-02: rendibilidade e magnitudes asociadas*) mostran que ó longo do ano 2002 rexistrouse unha caída da relación carga financeira/ingresos (1,04% en 2001 e 0,97% en 2002), ó igual do acontecido co coeficiente de endebedamento, que pasa de 2,48% a 2,38%.

### • *Investimento estranxeiro*

O fluxo de investimento estranxeiro bruto efectivo en Galicia –investimento bruto rexistrado descontadas as adquisicións a outros non residentes e as reestructuracións de grupos estranxeiros– acadou no ano 2003 un valor de 28,4 millóns de euros (o 0,2% do total estatal) o que significa que se produciu un descenso do

1.3.9.

**Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2002-03: distribución sectorial**

| | Galicia | | | | España | | | | G/E | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2002 | | 2003 | | 2002 | | 2003 | | 2002 | 2003 |
| | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(%)* | |
| **Agricultura, gandería, caza e pesca** | 457,1 | 0,1 | - | - | 42.118,0 | 0,1 | 47.833,1 | 0,3 | 1,1 | - |
| **Produc., Distribuc. eléctrica, gas e auga** | 842,6 | 0,2 | 8.854,1 | 31,2 | 1.671.184,2 | 5,3 | 702.943,7 | 4,2 | 0,1 | 1,3 |
| **Ind. extractiva, refino petróleo** | 2.627,0 | 0,6 | 4.488,7 | 15,8 | 406.524,5 | 1,3 | 93.851,6 | 0,6 | 0,6 | 4,8 |
| **Alimentación, bebidas e tabaco** | 220,4 | 0,0 | 753,8 | 2,7 | 167.128,5 | 0,5 | 69.821,2 | 0,4 | 0,1 | 1,1 |
| **Ind. téxtil e da confección** | 256,6 | 0,1 | 57,1 | 0,2 | 26.659,1 | 0,1 | 9.815,3 | 0,1 | 1,0 | 0,6 |
| **Ind. papel, edición e artes gráficas** | 4,8 | 0,0 | 14,5 | 0,1 | 172.026,4 | 0,5 | 298.147,1 | 1,8 | 0,0 | 0,0 |
| **Ind. química e transformación caucho e plásticos** | 5,0 | 0,0 | 2.553,5 | 9,0 | 319.567,3 | 1,0 | 1.150.751,9 | 6,9 | 0,0 | 0,2 |
| **Outras manufacturas** | 395.011,2 | 84,8 | 3.956,7 | 13,9 | 829.238,0 | 2,6 | 351.103,9 | 2,1 | 47,6 | 1,1 |
| **Construcción** | 253,9 | 0,1 | 123,3 | 0,4 | 391.502,3 | 1,2 | 71.323,5 | 0,4 | 0,1 | 0,2 |
| **Comercio** | 1.316,2 | 0,3 | 2.504,5 | 8,8 | 988.808,3 | 3,2 | 662.672,3 | 4,0 | 0,1 | 0,4 |
| **Hostalería** | 773,8 | 0,2 | 156,9 | 0,6 | 166.806,3 | 0,5 | 316.293,2 | 1,9 | 0,5 | 0,0 |
| **Transporte e comunicacións** | 48.637,1 | 10,4 | 0,5 | 0,0 | 2.624.004,0 | 8,4 | 2.120.610,0 | 12,7 | 1,9 | 0,0 |
| **Intermediación financeira, banca e seguro** | 12.000,0 | 2,6 | - | - | 1.011.349,6 | 3,2 | 841.659,1 | 5,1 | 1,2 | - |
| **Actividades Inmobiliarias e servizos** | 3.619,1 | 0,8 | 4.944,0 | 17,4 | 1.499.009,0 | 4,8 | 1.221.094,3 | 7,3 | 0,2 | 0,4 |
| **Xestión de sociedades e tenencia valores** | 1,8 | 0,0 | - | - | 20.842.922,0 | 66,5 | 7.847.658,0 | 47,2 | 0,0 | - |
| **Outros** | 10,8 | 0,0 | 14,7 | 0,1 | 206.529,1 | 0,7 | 835.511,4 | 5,0 | 0,0 | 0,0 |
| **Total** | 466.037,4 | 100 | 28.422,2 | 100 | 31.365.376,5 | 100 | 16.641.089,6 | 100 | 1,5 | 0,2 |

Fonte: *Dirección General de Economia Internacional y Transacciones Exteriores*

93,9% respecto o ano anterior (437,6 millóns de euros menos). Tras este forte descenso, como se recolle o **cadro C.1.5.** (*Investimento estranxeiro bruto efectivo nas CC.AA. 2002-03*), Galicia pasa a se-la sexta comunidade con menor investimento estranxeiro, por diante de Cantabria, Castela e León, Navarra, Asturias e A Rioxa, ademais de Ceuta e Melilla.

Unha **análise** da distribución **xeográfica** deste fluxo de investimento indica, **cadro 1.3.8.**, que entre xaneiro e decembro de 2003 o volume total de investimento estranxeiro procedente da UE-15 ascendeu a 23.955,4 miles de euros (un 94,8% menos que o investido no mesmo período do ano anterior), o que representa o 84,3% deste investimento (98,4% en 2002). Entre os países europeos cómpre salienta-lo investimento procedente dos Países Baixos e o Reino Unido, con 9.073,3 e 4.349,1 miles de euros, respectivamente.

Atendendo á **distribución** do investimento estranxeiro segundo **ramas de actividade**, apréciase unha concentración nos subsectores de "producción, distribución eléctrica, gas e auga", "actividades inmobiliarias e servizos" e "industria extractiva e refino de petróleo", que acollen o 31,2% e o 17,4 e 15,8% do total investido nas empresas galegas, respectivamente.

## Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006

Os Fondos Estructurais da UE teñen, como obxectivo nº 1, promove-lo desenvolvemento e o axuste estructural das rexións europeas (NUTS) menos desenvolvidas (NUTS II, que teñen un PIB per cápita inferior ó 75% da media comunitaria). Galicia e unha NUTS II, obxectivo nº1 da UE.

Os documentos de programación, necesarios para acceder ós Fondos Estructurais do obxectivo nº 1, son o Plan de Desenvolvemento Rexional 2000-2006 para as rexións obxectivo nº 1, presentado por España; o Marco de Apoio Comunitario, que formaliza o compromiso comunitario con respecto ós recursos asignados a España; e os Programas Operativos aprobados pola Comisión. Galicia participa nun 13,7% dos recursos programados. O 4,16% adicional, en concepto de "reserva de eficacia" (1.645 millóns de euros), asígnase en función dunha serie limitada de indicadores de seguimento de eficacia, de xestión e de execución financeira a 31 de decembro de 2003.

O **POI de Galicia 2000-2006** é un programa plurifondo cofinanciado, en termos de axuda comunitaria, por tres fondos estructurais: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (68,1%), Fondo Social Europeo (FSE) (11,4%) e Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola, sección Orientación (FEOGA-O) (20,5%). O total programado para o dito período ascende ós 5.091,7 millóns de euros. A axuda comunitaria é do 67,5% (3.430 millóns de euros).

Atendendo ós datos recollidos no informe de execución da anualidade 2003, o POI de Galicia 2000-2006, desenvólvese nos 12 eixes prioritarios e as 58 medidas (33 corresponden ó FEDER, 18 ó FSE e 8 ó FEOGA) recollidas nos **cadros 1.3.10.** e **1.3.11.** Os órganos executores das devanditas 58 medidas ascenden a 89, dos que 52 corresponden á comunidade autónoma de Galicia e 37 á Administración Xeral do Estado (AXE).

O **cadro 1.3.10.** reflicte que 41 medidas son xestionadas por un único órgano executor en 2002 e 2003, das que 37 corresponden á C.A. galega e 4 á AXE. No exercicio 2001, 44 medidas estratéxicas son xestionadas por un único órgano executor, correspondendo 39 á C.A. de Galicia e 5 á AXE.

**1.3.10.**

***Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006: relación entre eixes, medidas e fondos***

| Eixe | Medida | Denominación medida | Anualidade 2001 Fondos estructurais | Anualidade 2001 Administración xestora | Anualidades 2002 e 2003 Fondos estructurais | Anualidades 2002 e 2003 Administración xestora |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 1.1 | Apoio a empresas industriais, comerciais e de servicios | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 1 | 1.2 | Mellora na transformación e comercialización de produtos agrícolas | FEOGA-O | Galicia e AXE | FEOGA-O | Galicia e AXE |
| 1 | 1.3 | Provisión e adecuación de espacios productivos de servicios ás empresas | FEDER | Galicia e AXE | FEDER | Galicia e AXE |
| 1 | 1.6 | Apoio á internacionalización e promoción exterior | FEDER | Galicia | - | - |
| 1 | 1.7 | Promoción do capital organizativo das empresas | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 1 | 1.8 | Favorece-la xeración de nova actividade que permita a creación de emprego | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 2 | 2.1 | Apoia-lo investimento en capital humano no ámbito da investigación, a ciencia e a tecnoloxía e a transferencia de coñecementos cara ó sector productivo | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 2 | 2.2 | Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 2 | 2.3 | Equipamento científico-tecnolóxico | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 2 | 2.5 | Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 2 | 2.6 | Grandes instalacións | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 2 | 2.7 | Sociedade da información | FEDER | Galicia e AXE | FEDER | Galicia e AXE |
| 3 | 3.1 | Abastecemento de augas á poboación e ás actividades económicas | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 3 | 3.2 | Mellora da eficacia das infraestructuras existentes e da utilización de auga | FEDER | AXE | FEDER | AXE |
| 3 | 3.3 | Saneamento e depuración das augas residuais | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia e AXE |
| 3 | 3.4 | Xestión integral dos residuos urbanos e industriais | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 3 | 3.5 | Actuacións en costa | FEDER | AXE | FEDER | AXE |
| 3 | 3.6 | Protección e rexeneración do entorno natural | FEDER | Galicia e AXE | FEDER | Galicia e AXE |
| 3 | 3.7 | Vixilancia, control e reducción da contaminación ambiental | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 3 | 3.8 | Rexeneración de solos e espacios | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 3 | 3.9 | Silvicultura | FEOGA-O | Galicia e AXE | FEOGA-O | Galicia e AXE |
| 3 | 3.10 | Accións medioambientais derivadas da conservación da paisaxe e da econ. agraria | FEOGA-O | Galicia e AXE | FEOGA-O | Galicia e AXE |
| 41 | 41.1 | Construcción, reforma e equipamento de centros educativos e de formación | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 41 | 41.12 | Fomenta-lo acceso de todos/as ás ensinanzas de FP e a súa extensión | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 41 | 41.13 | Desenvolver novas modalidades de Formación Profesional | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 41 | 41.14 | Promover mecanismos de integración e mellora da eficiencia dos subsistemas | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 41 | 41.15 | Proporcionar alternativas educativas enfocadas ó mercado de traballo ás persoas que non superan a ensinanza obrigatoria | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 42 | 42.6 | Ofrecer ós desempregados posibilidades de inserción no mercado laboral | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 42 | 42.7 | Combate-lo paro prolongado mediante accións de reinserción laboral dos desempregados de larga duración | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 42 | 42.8 | Ofrecer vías de inserción profesional ós xoves | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 43 | 43.2 | Asegura-la actualización do nivel de competencia dos traballadores | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 43 | 43.3 | Soste-la consolidación do emprego existente | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 44 | 44.10 | Apoia-la inserción das persoas discapacitadas no mercado laboral | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 44 | 44.11 | Propoñer oportunidades de integración ós colectivos en risco de exclusión do mercado de traballo | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 45 | 45.16 | Mellora da empregabilidade das mulleres | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 45 | 45.17 | Fomenta-la actividade empresarial das mulleres | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 45 | 45.18 | Combate-la segregación horizontal | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 5 | 5.1 | Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 5 | 5.2 | Mellora dos sistemas de transporte urbano | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 5 | 5.3 | Infraestructura e equipamentos colectivos en municipios menores de 20.000 hab. | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 5 | 5.6 | Apoio ás iniciativas locais de emprego | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 5 | 5.7 | Infraestructuras turísticas e culturais | FEDER | Galicia e AXE | FEDER | Galicia e AXE |
| 5 | 5.8 | Conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico e cultural | FEDER | Galicia e AXE | FEDER | Galicia e AXE |
| 5 | 5.9 | Infraestructuras, equipamentos sociais e sanitarios | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 6 | 6.1 | Estradas e autovías | FEDER | Galicia e AXE | FEDER | Galicia e AXE |
| 6 | 6.2 | Autoestradas | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia e AXE |
| 6 | 6.3 | Ferrocarrís | FEDER | AXE | FEDER | AXE |
| 6 | 6.4 | Portos | FEDER | Galicia e AXE | FEDER | Galicia e AXE |
| 6 | 6.5 | Aeroportos | FEDER | AXE | FEDER | AXE |
| 6 | 6.6 | Sistemas de transporte multimodais e centros de transporte | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 6 | 6.8 | Redes de distribución de enerxía | FEDER | Galicia e AXE | FEDER | Galicia e AXE |
| 6 | 6.9 | Enerxías renovables, eficacia e aforro enerxético, agás actuacións contempladas na medida 6.10 | FEDER | Galicia e AXE | FEDER | Galicia e AXE |
| 7 | 7.2 | Desenvolvemento e mellora das infraestructuras de apoio | FEOGA-O | Galicia e AXE | FEOGA-O | Galicia e AXE |
| 7 | 7.5 | Desenvolvemento endóxeno de zonas rurais relativo ás actividades agrarias | FEOGA-O | Galicia e AXE | FEOGA-O | Galicia e AXE |
| 7 | 7.7 | Formación agraria en territorios, colectivos e contidos que non quedan cubertos nos programas do F.S.E. | FEOGA-O | Galicia e AXE | FEOGA-O | Galicia |
| 7 | 7.8 | Prestación de servicios ás explotacións agrarias, comercialización de productos agrarios de calidade e enxeñería financeira | FEOGA-O | Galicia e AXE | FEOGA-O | Galicia e AXE |
| 9 | 9.1 | Asistencia técnica | FEDER | Galicia | FEDER | Galicia |
| 9 | 9.2 | Asistencia técnica | FSE | Galicia | FSE | Galicia |
| 9 | 9.3 | Asistencia técnica | FEOGA-O | AXE | FEOGA-O | Galicia |

Fonte: *Informe de execución do Programa Operativo de Galicia 2000-2006*

Segundo o establecido no artigo 31.2 do Regulamento 1260/99, a utilización das dotacións orzamentarias dispoñibles de acordo coas perspectivas financeiras anuais definidas no Programa deben ter lugar nos dous anos seguintes a aquel no que se contraia o compromiso inicial. A iso únese a excepción do ano 2000 en función do establecido na Decisión de aprobación da devandita forma de intervención comunitaria. A execución do POI de Galicia 2000-2006 é a seguinte:

- subscribíronse integramente os compromisos asociados á anualidade 2000.
- Os compromisos correspondentes á anualidade 2002 atópanse cubertos polos fondos: FEDER nun 117,05%, FEOGA-O

1.3.11.

**Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006. Marco de apoio comunitario do obxectivo 1: grao de execución do gasto público por medidas a 31/12/2003 (tódalas AA.PP.)**

| | | Total programado 2000-2003 | Total executado a 31/12/2003 | Executado / Programado 2000-2003 | Total programado 2000-2006 | Executado / Programado 2000-2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | (en miles de €) | | (%) | (en miles de €) | (%) |
| Eixe 1- | Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo | 269.300,9 | 145.973,8 | 54,2 | 475.956,3 | 30,7 |
| Eixe 2- | Sociedade do coñecemento (Innovación, I+D, Sociedade da Información) | 97.134,3 | 91.025,5 | 93,7 | 171.573,0 | 53,1 |
| Eixe 3- | Medio ambiente, entorno natural e recursos hídricos | 466.282,0 | 342.375,4 | 73,4 | 821.096,7 | 41,7 |
| Eixe 41- | Reforzo da educación técnico-profesional | 191.574,9 | 188.024,5 | 98,1 | 301.493,8 | 62,4 |
| Eixe 42- | Inserción e reinserción ocupacional dos desempregados | 79.499,1 | 67.130,7 | 84,4 | 123.271,9 | 54,5 |
| Eixe 43- | Asegura-la actualización do nivel de competencia dos traballadores | 35.975,2 | 32.019,4 | 89,0 | 57.498,5 | 55,7 |
| Eixe 44- | Integración no mercado de traballo das persoas con especiais dificultades | 21.733,3 | 17.909,9 | 82,4 | 39.266,1 | 45,6 |
| Eixe 45- | Participación das mulleres no mercado de traballo | 18.236,6 | 10.549,0 | 57,8 | 32.948,6 | 32,0 |
| Eixe 5- | Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas | 205.040,9 | 156.721,3 | 76,4 | 253.973,2 | 61,7 |
| Eixe 6- | Redes de transporte e enerxía | 1.326.323,5 | 952.308,3 | 71,8 | 2.311.557,4 | 41,2 |
| Eixe 7- | Agricultura e desenvolvemento rural | 280.868,7 | 184.454,7 | 65,7 | 491.397,9 | 37,5 |
| Eixe 9- | Asistencia técnica | 6.753,7 | 908,4 | 13,5 | 11.654,2 | 7,8 |
| **Total** | | 2.998.723,0 | 2.189.401,0 | 73,0 | 5.091.687,7 | 43,0 |

Fonte: *Informe de execución do Programa Operativo de Galicia 2000-2006*

nun 103,85% e FSE nun 131,88%.

• O total do gasto subvencionable efectivamente pagado e certificado dende 01/01/2000 do POI de Galicia 2000-2006, a 31 de decembro de 2003, foi de 2.189,4 millóns de euros, un 73,0% do programado para o período 2000-2003 e un 43,0% do total del gasto subvencionable programado para 2000-2006 (**cadro 1.3.11.**).

Coa devandita execución, cúmprese co requisito comunitario do 100% de pagos certificados, a 31 de decembro de 2003, relativos ós compromisos das anualidades 2000, 2001 e 2002.

**• *Reserva de eficacia xeral***

